

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 23 de xuño de 2011 pola que se modifica a do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

O día 18 de xuño de 2010 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu artigo 1.1 establécese que esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas no ámbito dos parques naturais dirixidas a fomentar o desenvolvemento socioeconómico sustentable das terras agrícolas e á mellora da calidade de vida das poboacións locais situadas dentro destes espazos protexidos ou nas súas áreas de influencia socioeconómica por medio de accións que contribúan á mellora das paisaxes, á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais, a aumentar o valor de recreo público destas zonas de alto valor natural, á preservación de hábitats ou ecosistemas ou á loita contra a erosión, entre outras, e proceder á convocatoria destas, correspondentes aos exercicios orzamentarios dos anos 2010 e 2011.

Para atender a convocatoria das axudas, establece no seu artigo 20.1, as dotacións para cada aplicación orzamentaria e a súa distribución por anualidades.

O elevado número de solicitudes presentadas, a necesidade de efectuar un gran número de requirimentos para completar a documentación presentada coa solicitude ou emenda de erros; ademais da obriga de efectuar unha inspección sobre o terreo para comprobar a realidade e viabilidade do solicitado, previa á proposta de resolución de concesión das axudas, xeraron unha demora, que imposibilitou o cumprimento dos prazos establecidos na orde para a execución e xustificación polos beneficiarios das axudas.

Esta situación provocou a necesidade de establecer novos prazos de execución e xustificación destas co consecuente reaxustamento das anualidades orzamentarias iniciais da Orde do 10 de xuño de 2010 reguladora da convocatoria das axudas.

De igual xeito, a Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG n.º 250, do 30 de decembro), obriga á modificación das dotacións orzamentarias iniciais para a concesión das mencionadas axudas.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes termos:

1. Modificar o artigo 15.5 que queda: «Os investimentos obxecto de subvención de carácter anual deberán realizarse no prazo que se indique na resolución de adxudicación. Excepcionalmente, o conselleiro do Medio Rural poderá conceder unha prórroga que non poderá exceder da metade do prazo concedido, de conformidade co disposto no artigo 49.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Como data máxima para a xustificación dos investimentos, establécese o 30 de setembro para o ano 2011, o 30 de setembro para o ano 2012 e o 30 de xuño para o ano 2013. A xustificación dos gastos realizarase, en todo caso, consonte ao perceptuado no artigo seguinte».

2. Modificar a táboa na que figuran as dotacións iniciais para cada aplicación orzamentaria e a súa distribución por anualidades, que se inclúe no punto 1 do artigo 20 da antedita orde, que queda establecida do seguinte modo:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2011			Anualidade 2012			Anualidade 2013		
	Fondos propios €	Fondos do PDR €	Total €	Fondos propios €	Fondos do PDR €	Total €	Fondos propios €	Fondos do PDR €	Total €
13.06.541-B.760.4	40.000		40.000	80.000		80.000			
13.06.541 B.760.3					1.000.000	1.000.000		530.000	530.000
13.06.541-B.770.0				41.000	100.000	141.000	25.000	65.000	90.000
13.06.541-B.780.0				180.000	450.000	630.000	180.000	450.000	630.000

Disposición adicional primeira.

As modificacións establecidas non supón apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de axudas.

Disposición adicional segunda.

No caso das solicitudes presentadas dentro do prazo establecido na Orde do 10 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 115, do 18 de xuño de 2010), considérase de oficio que as referencias efectuadas nas memorias técnicas ou proxectos das mesmas para os anos 2010 e 2011, efectúanse para os anos 2012 e 2013 respectivamente, agás no caso de actividades subvencionables do grupo V do artigo 2 da antedita Orde do 10 de xuño de 2010 (accións de educación ambiental e edición de material pedagóxico) no caso de que o solicitante sexa un concello, que se considerarán efectuadas para os anos 2011 e 2012.

Establécese un prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación desta orde no DOG, para a presentación das alegacións que estimen oportunas ao establecido no paragrafo anterior.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural